

## Formentera.

Formentera é, das illas habitadas do arquipélago balear, a de menor tamaño e a máis meridional. Situada ao sur da illa de Ibiza e ao leste da península Ibérica, esta tranquila illa conta con 69 km de litoral, repletos de praias virxes e barrancos de grande beleza.

Cun clima suave típicamente mediterráneo, as escasas pero intensas choivias erosionan os chans pedregosos e pouco productivos da illa. As áreas desaparecen e deixan ao descuberto a codia calcárea subxacente, onde se crean esculturas decorativas integradas na paisaxe, formada por especies endémicas de flora e fauna típicamente mediterránea.

Ao norte da menor das illas pitiusas e moi preto dela, atópanse dous pequenos illotes: L'Espalmador y L'Espardell, que forman parte do Parque Natural de Ses Salines d'Eivissa i Formentera. O parque é un paradigma da biodiversidade mediterránea. Dende o ano 2001, a súa xestión e administración corresponden ao Goberno das Illas Balears.

Formentera fai gala dunhas augas extraordinariamente transparentes con fondos de brillantes áreas brancas, que albergan grande cantidade de especies mariñas, normalmente difíciles de ver.

Sobre eses extensos areas salpicados por rochas, descansan os corpos afundidos de vellos buques, entre os que se acubillan diversas especies de peixes, como este falso badexo, e onde innumerables organismos atopan, entre os restos inertes, un sustrato para vivir, enriquecendo así a diversidade deste singular ecosistema.

Ademáis dun grande número de peixes de diversas familias e xéneros, a biocenose mariña de Formentera está formada por unha grande variedade de organismos bentónicos, como esta ofiura, da especie *Ophiderma Longicaudum*.

Equinodermos, como os ourizos de mar, e moitos outros invertebrados, habitan nos fondos de rochas e algas tratando de sobrevivir máis un día neste espléndido e complexo leito mariño.

As pradarias de *Posidonia Oceanica* mellor conservadas de todo o Mediterráneo atópanse aquí, e osixenan e depuran as augas limpas e transparentes. Ademáis de favorecer a mantenza das poboacións de peixes, como as salemas, e outros organismos mariños, a fanerógama *Posidonia* retén o sustrato e crea unha paisaxe diferente.

Grandes bancos de espetóns patrullan o azul e percorren os antigos restos de vellas piscifactorías abandonadas. Construcións realizadas polo ser humano e que xa pertencen ao mar e aos seus habitantes.

Chegado o solpor, o sol descansa tras a súa xornada diaria e dá o relevo ao intermitente escintilar do faro, para voltar a radiar un día máis no horizonte desta paraxe natural mediterránea.

A luz do novo día penetra nas augas pouco fondas do litoral da illa, onde extensas pradarias de *Caulerpa Prolifera* se estenden sobre os fondos areosos, nos que cohabitan organismos filtradores, como as ascidias, depredadores, como os gobios de area, e detritívoros, como as holoturias. Xunto a todos eles, os chocos achéganse sen medo ás praias de coios, como un símbolo máis da tranquilidade que caracteriza as limpas augas da illa de Formentera.